

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2021

Benquerida compañeira, benquerido compañeiro:

Levamos xa 16 meses de pandemia, tempo de moitas dificultades que nos fixeron cambiar e adaptármonos a unha nova realidade. **Se 2020 foi o ano da chegada da pandemia, 2021 está a ser o ano da vacinación. E coa vacinación chega a esperanza, a posibilidade de avanzar**, o tempo da reactivación e tamén de traballar por unha recuperación con cohesión social, sen exclusións.

Ter un goberno progresista en España durante este tempo evidenciou que hai outro xeito de afrontar as crises. Así, o goberno apostou polo benestar e a reactivación impulsando políticas expansivas e progresistas en Europa e en España e optou por construír un escudo protector para defender ás persoas, á vez que estableceu unha estratexia de vacinación que levou a máis do 70% da cidadanía a estar vacinada neste agosto. Ante unha crise tan grave, sempre se pode mellorar, pero **podemos sentir o orgullo de pertencer a un partido que prioriza a vacinación e a reactivación, que son as prioridades da cidadanía, e que goberna para o interese xeral.**

Mentres, en Galicia, atopámonos cun goberno conservador incapaz de liderar a reactivación e que non aborda os problemas a pesares dos fondos extraordinarios que o goberno de España remitiu á Xunta. A dereita galega carece de compromiso ante os problemas industriais de Galicia, abandonou o rural, despidе profesorado de reforzo, mantén un déficit en política social, fracasa na xeración de emprego de calidade e na busca de futuro para a mocidade galega. E debilita a sanidade pública galega, aumentando non só as listas de espera para cirurxías e especialistas, senón, o máis grave, xerando listas de espera en atención primaria de ata 20 días.

Os e as socialistas levamos ao Parlamento de Galicia un plan con 333 medidas para a reactivación, para fortalecer os servizos públicos, modernizar o país, xerar emprego de calidade... pero a dereita preferiu enrocarse e deixar pasar a oportunidade. Así que están sendo os concellos gobernados pol@s socialistas os mellores aliados da xente, a pesares de que a Xunta lles traslada competencias pero lles recorta fondos. **Os concelleir@s e alcaldes/as socialistas sodes a proba de que outra Galicia non só é posible, senón que é necesaria.**

A covid tamén alterou a vida do partido. A seguridade e a prudencia fronte ao virus impuxéronse tamén na nosa organización, acostumada á convivencia, ao contacto, ás asembleas que agora non puideron celebrarse. Houbo que adaptarse a formatos dixitais ou virtuais e paralizar moita actividade colectiva e presencial. Por iso **activamos máis dunha ducia de grupos de traballo online, pero tamén convocamos xornadas polo 40 aniversario do Estatuto de Autonomía, celebramos encontros para abordar compromisos como o europeísmo, o federalismo, o ecoloxismo ou o municipalismo.** E xa no mes de xullo reunimos de novo ao Comité Nacional Galego, o primeiro en formato presencial en toda España. Ademais, **neste verán retomei encontros coa militancia** para poder falar directamente convosco, unha das actividades que máis disfruto como secretario xeral e que entendo tamén como parte do meu compromiso. Fíxeno dende o primeiro día e así o seguirei facendo.

O PSdeG é un partido forte no que sabemos da importancia da militancia, polo que, a medida que a vacinación avanza, podemos ir recuperando certas actividades colectivas e adaptar outras á nova realidade. Moit@s militantes desexamos máis presencialidade, pero todos somos conscientes de que os riscos da pandemia estableceron a prudencia como prioridade.

Neste novo tempo de reactivación, a implicación de toda a militancia é moi importante porque por diante veñen tempos difíciles nos que a dereita e a ultradereira van tensar o debate político co fin de tentar acceder ao goberno de España. Así que todos e todas temos que estar á altura das circunstancias e dar o mellor de nós mesmos, porque é moito o que está en xogo.

O horizonte das eleccións xerais e municipais de 2023 marcará tamén a nosa acción en Galicia, co reto de manter os resultados históricos que acadamos e tentar melloralos. Podemos facelo, e na corresponsabilidade de todos estará acadalo. Porque o PSdeG ten capacidade e forza, e toca seguir traballando coa colaboración de tod@s.

Nestes últimos catro anos pechamos o ciclo de sucesivas caídas electorais que sufrimos anteriormente e melloramos o nivel de apoio en todas as eleccións. **Por primeira vez superamos ao PP nunhas eleccións en Galicia e nunca tivemos tanta representación municipal como agora: gobernamos 3 das 4 deputacións, 5 das 7 grandes cidades e 113 concellos teñen alcalde ou alcaldesa socialista.** E temos tamén que fortalecer o noso proxecto galego para poder dar o relevo ao goberno conservador de Galicia.

Creo que o proxecto do PSdeG, o noso proxecto para os próximos anos, temos que edificalo dende a esquerda, o galeguismo e o federalismo (que implica tamén o municipalismo), o feminismo e o ecoloxismo como eixos estratéxicos. Son catro piares fundamentais sobre os que podemos construír as bases para a reactivación e a modernización de Galicia pensando no benestar, o emprego, a cohesión social e a transición ecolóxica e dixital. E para iso tamén necesitamos a implicación de todos e de todas.

Ser secretario xeral do PSdeG é unha honra para min, aínda que me tocasse vivir á fronte da organización os tempos máis complexos. Con acertos e erros, pero sempre comprometido co noso partido e con Galicia. **Sempre entendendo o partido como un proxecto colectivo, por riba de calquera clave persoal,** e sendo dono das miñas palabras e tamén daqueles silencios aos que obriga a responsabilidade.

Sigo sendo o mesmo militante que hai máis de 25 anos se afiliou ao partido con ilusión, e manteño a mesma inquedanza pola xustiza social que dende neno sempre percibín na miña casa como a causa de ser do socialismo. **É o momento de seguir remando, de seguir avanzando, de seguir traballando coa militancia para fortalecer o PSdeG, aprendendo dos erros e traballando por Galicia.** Eu xa estou nesa tarefa, e sei que cada un e cada unha de vós tamén. **Vémonos no camiño!**

Esperando que poidamos saudarnos pronto, envíoches unha fonda e agarimosa aperta,



Gonzalo Caballero Miguez
Secretario Xeral do PSdeG-PSOE